

Que é a FUNDACIÓN ENCLAVE?



A **Fundación Enclave** constitúese como Fundación de interese galega sen ánimo de lucro promovida pola asociación política *Esquerda Nacionalista*, inscrita no Libro de Inscripcións do Rexistro de Partidos Políticos do Ministerio de Interior. Tenta ser un foro aberto, de pensamento, debate e formación, onde contribuír ao desenvolvemento pleno das potencialidades da Nación mediante o artellamento da sociedade civil e a súa participación plural e democrática. En definitiva, é unha fiestra aberta ao progreso e ao

cambio para o benestar do pobo galego. Conta con personalidade xurídica propia e capacidade xurídica para obrar nos términos previstos pola lei. Pode contratar e abrigarse, así como exercer xudicial e extraxudicialmente os dereitos e acción que lle competen de acordo coa lexislación vixente.

Declarada Fundación de Interese Galego por Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo o 25 de Xaneiro de 2001, está inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2000/24.

Organización: XUNTA DIRECTIVA e PADROADO

Xunta Directiva	Presidentes	ANTÓNIO FERNÁNDEZ OCA
	Vice-presidente	ALBERTE XULLO RODRÍGUEZ FEIXOO
	Secretario	XOÁN RAMA TRILLO
	Tesoureiro	FRANCISCO QUINTELA ROMERO
	Xerente	XOSÉ MANUEL MACEIRA FERNÁNDEZ

Padroado	XIANA BARROS GARCIA
	XOÁN CARLOS BÁSCUAS JARDÓN
	ANTÓN CASAL
	SÍLVIA CAPOM SÁNCHEZ
	MAURO CID FAILDE
	XOSÉ CHORÉN VÁZQUEZ
	RAFAEL DORRIBO CAO
	XOÁN CARLOS FERNÁNDEZ AGRA
	VÍCTOR M. GONZÁLEZ MEIZOSO
CÉSAR PAZOS CARREIRO	
XOÁN ANTÓN RODRÍGUEZ VÁZQUEZ	
ALBERTE VILA GONZÁLEZ	

Obxecto e actividades da Fundación

A Fundación Enclave, estatutariamente, ten por obxecto:

- O fomento e realización de actividades culturais que teñan por fin o estudo e desenvolvemento do pensamento político, social, económico e cultural de Galiza.
- Fomentar o estudo e a investigación en materia de formación da cidadanía galega.
- Colaborar no estudo das necesidades de formación e cualificación da colectividade galega en función das demandas sociais, do desenvolvemento rexional, tecnolóxico e económico.
- Prestar atención especial ao estudo e formación dos sectores sociais desfavorecidos, con necesidades especiais ou de integración, co fin de conseguir un progreso social e solidario para os galegos.
- Difundir o pensamento político daquelas persoas e entidades que traballan, dentro da legalidade vixente, pola consecución da soberanía da Nación Galega, o progreso social e a profundización da democracia na perspectiva de acadar unha sociedade galega e mundial máis libre, xusta e

solidária.

- Promover o coñecimento na sociedade da personalidade nacional de Galiza e da súa historia impulsando o seu estudo e a súa proxección pública.
- Profundar no coñecimento da realidade galega na súa dimensión política, social, cultural e económica.
- Aumentar a formación política dos cidadáns, profundar no debate político e impulsar a sensibilización e conscienciación da sociedade sobre a realidade e problemáticas propias da nación galega e a visión do mundo desde unha perspectiva nacional galega.

Para o cumprimento dos obxectivos devanditos, a Fundación Enclave poderá desenvolver as seguintes actividades:

- Organización de cursos, conferencias, colóquios, congresos e seminarios de estudos.
- Creación de grupos e equipos de traballo.
- Impartir en solitario ou en colaboración con outras entidades, actividades e cursos relacionados coa formación e as necesidades de cualificación da cidadanía galega.
- Promover investigacións, estudos e actividades tendentes a coñecer e difundir as necesidades actuais e futuras en materia de formación.
- Edición, redacción e subvención de publicacións e outros materiais.
- Organización dun arquivo do nacionalismo galego e do pensamento político e social de Galiza.
- Promoción, organización e realización de exposicións, actividades públicas e campañas de prensa, radio e televisión coa intención de difundir os obxectivos fundacionais.
- Dar axuda e soporte a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que compartan os obxectivos da Fundación, através de subvencións, becas, encargo de estudos, establecemento de premios e calquer outra forma no marco da legalidade vixente.